

PREMIO NOBEL DE LITERATURA 2020

LOUISE GLÜCK

Louise Elisabeth Glück (Nova York, 22 de abril de 1943) é unha poeta estadounidense.

Escrebiu 11 libros de poesía como por exemplo *The Wild Iris (O iris salvaxe)* (1992), *Vita Nova* (1999), *The Seven Ages (As sete idades)* (2001) ou *Averno* (2006).

O 8 de outubro de 2020 gañou o Premio Nobel de Literatura.

É a décimo sexta muller que consegue este premio

→ Nas seguintes páxinas podes ver algúns fragmentos dos seus poemas que eu seleccionei.

→ Neste enlace podes atopar 3 poemas de LOUISE GLÜCK traducidos ao galego

<https://euseino.org/tres-poemas-de-louise-gluck%E2%80%8B/>

PARA CONSEGUIR 3 PUNTOS



Elixe a actividade que queiras e faina nun folio para entregar ao profe:

1. Busca algún dato máis sobre LOUISE GLÜCK e anótalo.
2. Le algún dos poemas de LOUISE GLÜCK e copia o verso ou a estrofa que máis che guste.
3. Aprende un verso ou unha estrofa dalgún dos poemas de LOUISE GLÜCK e recítalo na clase.
4. Ilustra un dos poemas de LOUISE GLÜCK.
5. **CURIOSIDADE:** Sabes a quen lle deron o Premio Nobel de Literatura no 2016?

* Non fai falta que leas todo (tamén é probable que precisas un pouquiño de axuda).

Mañá de chuvia

(...)

Non che gusta o mundo.

Se che gustase, había haber
imaxes nos teus poemas.

(...)

Niño

(...)

O sitio no que comezas non determina
o sitio no que acabas: o paxaro

colle o que atopa no xardín,
os seus materiais básicos, nervioso
examina o patio espido na primavera nacente;
dos restos, pé do valo sur, empurra
unhas poucas poliñas co seu bico.

(...)

para que sexa útil, antes
hai que querer que o sexa.

Epílogo

(...)

O que eu vía era o caos.

O meu pincel quedou paralizado... Non podía pintar.

(...)

A néboa cobre o escenario (a miña vida).

Os personaxes entran e saen, cambia o vestiario,

a miña man co pincel vai de lado a lado

lonxe do lenzo,

de lado a lado, coma un limpaparabrisas.

(...)

Fóra, as as rúas en festa,

tiñan colgadas, a fins de xaneiro, luces de Nadal exhaustas.

Unha muller apoiábase no ombro do seu amante

cantando a Jacques Brel coa súa aguda voz de soprano...